

Xohana Torres, *Tempo de ría*¹

POEMA, Amado meu,
Vello Señor da Auga
que perpetúa o xogo da orela.

Cada simple palabra afirmará
sentenciado clamor,
máxica furna escura.

SOÑO

ANUNCIÁBASE a onda, gardiana do salitre,
no verde daquel mar, transparente, inmediato.

Volví a noite aos médanos, aos espazos de Barra.
Polo monte de A Guía galopaban cabalos.

Traspasada dun soño de amores incurables
era vasto o desexo de alcanzar a enramada
onde pendían astros como se fosen froitos.

Inventaba un país que aínda non tiña nome,
con bóvedas de pórfido, anteriores a deuses.

Nos momentos felices encendía eu altares,
lámpadas enxoiadas para votos extremos.

Era doce escoitar coas pisadas a escarcha.

Anegábame a Ría nunha ilusión de nena:
os cantos das sereas que brotasen do fondo.

¹ Liburuaren lehen atala

PROPICIO olor avisa das orixes de marzo.
Se alzamos as cortinas xurden Illas,
como un exacto ben, como unha patria.

A uns paso de eiquí está o principio
de algo que nos desvasta: Rozamos
a ventura do círculo perfecto.

Nas grandes mañás o home ascende
para cantar a luz como unha melodía
pero nunca será o reconocerse
como nun claro espello o sol na altura.

CEOS ardendo onde nos amamos.
Ditoso atardecer, motivo da beleza
compartida cos meus antepasados.

Funesto furacán que se desata.
Criaturas da nada, as prodixiosas néboas.

Sucedede outros marcos de xeranos.
O influxo benéfico da onda
e a sabiduría de cada lúa chea
caída aos nosos pés.

PENELOPE

DECLARA o oráculo:

“QUE á banda do solpor é mar de mortos,
incerta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas.
QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.
QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.
QUE un sumario de xerfa polos cons.”

Así falou Penélope:

"Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR.”